



tecnópolis
tecnología_innovación_talento



MEMORIA 2022

Índice

1. INTRODUCCIÓN	4	5. PROXECTOS E ACCIÓNS DE SOPORTE E PROMOCIÓN	31
2. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DO PARQUE	7	Galicia avanza	32
Cadro de persoal	8	Polígono virtual	38
Espazos dispoñibles	8	Proxectos incuvi-emprende	38
Contratacións públicas durante 2022	9	Eventos organizados en tecnópole	39
Sistema de xestión de cumprimento penal	11	Presentación, participación ou colaboración en eventos fóra de tecnópole	39
Principais investimentos	12	6. TECNÓPOLE DIVULGA	42
Segunda fase ampliación parque tecnolóxico	12	Plan de divulgación científica	43
3. DESENVOLVEMENTO DO PLAN ESTRATÉXICO	14	IV edición do proxecto Ciencia e Tecnoloxía en Feminino	43
Estratexia de ocupación do espazo	15	Galiciencia 2022	44
Estratexia de desenvolvemento empresarial	16	Aulas Tecnópole	47
Estratexia de formación, comunicación e márketing	17	Aula Newton Galicia	48
Estratexia de sostibilidade	18	7. ENQUISAS DE SATISFACCIÓN 2022	50
Estratexia de Innovación	18	8. COMUNICACIÓN E PRENSA	53
4. AS EMPRESAS DE TECNÓPOLE	19	Temas e impactos	54
Distribución das empresas, facturación e emprego	20	Balance informativo 2022	55
As empresas de Tecnópole no 2022	21	Redes sociais	55
		Publicacións	56

INTRODUCCIÓN

O Parque Tecnolóxico de Galicia foi creado a iniciativa da Xunta de Galicia coa finalidade de crear unha contorna de referencia en Galicia dirixido a acoller, apoiar e potenciar iniciativas empresariais innovadoras e que aposten pola tecnoloxía, a investigación e o desenvolvemento como eixes da súa actividade.

A sociedade xestora, Parque Tecnolóxico de Galicia S.A., foi constituída no ano 1991 e as instalacións do parque foron inauguradas en outono de 1992.

A composición actual do **accionariado** configura á entidade como sociedade mercantil pública autonómica que trala ampliación de capital social executada no ano 2016 é a seguinte:



Varios con participación inferior ao 2% que suman o 8,65% restante: Universidade de Vigo, Universidade de Santiago de Compostela, Cámara Oficial de Comercio e Industria de Ourense, Concello de Ourense, Concello de San Cibrao das Viñas, Confederación Empresarial de Ourense, Unión Xeral de Traballadores de Galicia e Universidade da Coruña.



A día de hoxe o **Consello de Administración** está formado por nove conselleiros e conselleiras:

Presidente:

D. Francisco Conde López, vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia.

Vicepresidenta e Conselleira Delegada:

D^a. Patricia Argerey Vilar, directora da Axencia Galega de Innovación, representante persoa física do conselleiro Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Secretario non conselleiro:

D. Angel Piñeiro Nogueira

Vogais do Consello de Administración:

D^a. María José Mariño Fontenla, representante persoa física do conselleiro Axencia Galega de Innovación.

D. Fernando Guldrís Iglesias, representante persoa física do conselleiro Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE).

D. Pablo Casal Espido, secretario xeral técnico da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

D^a. Iria Santodomingo Foulquie, representante persoa física do conselleiro Corporación Empresarial y Financiera de Galicia, S.L.U.

D. José Lino Comesaña Calvo, representante persoa física do conselleiro Corporación Empresarial de Tenencia de Activos de Galicia S.L.U.

D^a. Cristina Cobas Romay, representante persoa física do conselleiro Torre de Hércules Inversiones Corporativas S.L.

D. Rosendo Luis Fernández Fernández, representante persoa física do conselleiro Instituto Ourenán de Desenvolvemento Económico.

As **principais liñas de acción** da sociedade céntranse actualmente en:




Alta capacidade innovadora

Converter Tecnópole en localización preferente para empresas tecnolóxicas con alta capacidade innovadora, xeradoras de emprego cualificado e con actividade de I+D+i.



Transferencia coñecemento

Fomentar a transferencia do coñecemento e da tecnoloxía, facendo de axente de enlace, colaborando cos socios de asociacións sectoriais e empresariais e outros foros, e fomentando a innovación aberta.



Crecedemento

Favorecer a creación de empresas, o seu crecedemento e consolidación, propiciar a creación de emprego, o desenvolvemento económico e crecedemento empresarial na rexión.



Vocación científicas

Promover as vocacións científicas e o espírito emprendedor entre os galegos máis novos.



Medioambiente

Desenvolver políticas medioambientais, fomentar o uso das enerxías renovables e o aforro enerxético.



Apoio internacionalización

Desenvolvemento de medidas de apoio á internacionalización das empresas e da propia sociedade.



Deporte

Promoción e mantemento das instalacións deportivas do Parque Tecnolóxico de Galicia, e fomento do deporte.

A sociedade colabora activamente en todas as **asociacións e organizacións** nas que ten representación:

- Asociación de Parques Científicos e Tecnolóxicos de España (**APTE**).
- Asociación Internacional de Parques Científicos (**IASP**).
- Asociación de Empresarios do Polígono de San Cibrao das Viñas.
- Confederación Empresarial de Ourense (**CEO**).
- Clúster Tecnolóxico e Empresarial das Ciencias da Vida (**BIOGA**).
- Asociación Multisectorial de Empresas da Electrónica, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, das Telecomunicacións e dos Contidos Dixitais (**AMETIC**).

ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DO PARQUE

CADRO DE PERSOAL

Cadro de persoal da sociedade.

O cadro de persoal non sufriu modificacións respecto ao ano anterior, ano no que tivo lugar o nomeamento do actual director D. Javier Taibo Gallego.

Está formado por 2 directivos e 10 traballadores con contrato laboral de carácter indefinido. A distribución por departamentos é a seguinte:

DIRECCIÓN:

1 Director xerente

DPTO. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS:

1 Directora de Departamento
2 Técnicas de Administración
2 Administrativas de Recepción

DPTO. PROXECTOS:

3 Técnicas de Proxectos

DPTO. SERVIZOS XERAIS E MANTEMENTO:

1 Responsable de Departamento
1 Administrativo e apoio xardinería/mantemento
1 Xardineiro

ESPAZOS DISPOÑIBLES

A sociedade xestiona tres edificios que conteñen a seguinte oferta de espazos en aluguer:

 Edificio CEI <ul style="list-style-type: none">• 1.818 m² en locais ou niños para instalación de empresas.• Salas de reunións.• Sala-comedor.• Sala de reprografía.• Salón de actos.• Aulas Newton e Tecnópole.	 Edificio Tecnópole I <ul style="list-style-type: none">• 1.609 m² en oficinas para instalación de empresas.• Laboratorio de biotecnoloxía.• Tecmeva: centro experimental de cirurxía minimamente invasiva.• Sala de coworking.• Bunker de alta seguridade.	 Edificio Tecnópole II <p>1.403 m² en locais para instalación de empresas.</p>
---	---	---

A ocupación nos edificios é moi alta, achegándose ao 100%.

Locais e oficinas en aluguer	superficie m2	superficie ocupada	% ocupación
Edificio CEI – oficinas	1.818	1.660	91%
Edificio Tecnópole I – oficinas	1.609	1.609	100%
Edificio Tecnópole I – búnker	135	0	0%
Edificio Tecnópole I – laboratorio	226	226	100%
Edificio Tecnópole II	1.403	1.403	100%
totais	5.191	4.898	94%

A ocupación en parcelas supón un 75% do total do solo urbanizado, sendo o traspaso dunha parcela a AMTEGA para a construción do Centro de Ciberseguridade a última incorporación.

CONTRATAÇÕES PÚBLICAS DURANTE 2022

No ano 2022 publicáronse e resolvéronse os seguinte concursos públicos de servizos:

- Servizos de atención e información en control de accesos do PTG (contrato reservado a centros especiais de emprego de iniciativa social e empresas de inserción):**
 - Data de publicación: 10/03/2022.
 - Orzamento base de licitación: 141.021,41 € (sen IVE) para dous anos de contrato.
 - Prazo de execución: dous anos máis unha prórroga dun ano.
 - Ofertas recibidas: Grupo Sifu Galicia, S.L., Servicios Gallegos de Minusválidos, S.L., Combina Social, S.L., Integración Social de Minusválidos S.L. e Cycle Servicios Galicia S.L.
 - Adxudicatario: Combina Social S.L.
 - Importe de adxudicación: 96.999,00 € (sen IVE).
- Servizos de consultoría, execución e desenvolvemento do programa de aceleración Galicia Avanza:**
 - Data de publicación: 16/03/2022.
 - Orzamento base de licitación: 335.780,40 € (sen IVE).
 - Prazo de execución: dende a sinatura ata o 30/11/2023.
 - Ofertas recibidas: Península Corporate Innovation S.L., UTE Galicia Avanza, Dirección por Implicación S.L. e UTE Dyrecto Global Startups.
 - Adxudicatario: Dirección por Implicación S.L.
 - Importe de adxudicación: 235.000 € (sen IVE).

3) **Servizos de execución das Aulas Tecnópole no curso 2022-2023:**

- Data de publicación: 22/04/2022.
- Orzamento base de licitación: 17.312,25 € (sen IVE).
- Prazo de execución: un curso, de outubro de 2022 a maio de 2023. Con opción de prórrogas anuais ata catro cursos máis.
- Ofertas recibidas: Ceo Aberto, S.L.
- Adxudicatario: Ceo Aberto, S.L.
- Importe de adxudicación: 15.200 € (sen IVE).

4) **Servizos de xestión das instalacións deportivas de PTG durante a campaña de verán 2022:**

- Data de publicación: 02/05/2022.
- Orzamento base de licitación: 36.741,59 € (sen IVE).
- Prazo de execución: do 18 de xuño ao 11 de setembro de 2022.
- Ofertas recibidas: Ablanal, S.A. e Saudeter S.L.U.
- Adxudicatario: Ablanal S.A.
- Importe de adxudicación: 32.974 € (sen IVE).

5) **Servizos de seguridade:**

- Data de publicación: 28/06/2022.
- Orzamento base de licitación: 129.857,75 € (sen IVE) para dous anos de contrato.
- Prazo de execución: dous anos máis unha prórroga dun ano.
- Ofertas recibidas: Grupo Control Empresa de Seguridade, S.A., Segursystem Europa, S.L. e EULEN Seguridade S.A.
- Adxudicatario: Eulen Seguridade S.A.
- Importe de adxudicación: 121.075,06 € (sen IVE).

6) **Servizos de asistencia técnica informática e de telecomunicacións no PTG:**

- Data de publicación: 11/07/2022.
- Orzamento base de licitación: 134.510,70 € (sen IVE).
- Prazo de execución: dous anos máis unha prórroga dun ano.
- Ofertas recibidas: Ingeniería Gallega de Telecomunicaciones S.L. e Evelb Técnicas y Sistemas S.L.

- Adxudicatario: Ingeniería Gallega de Telecomunicaciones S.L.(INGATEL).
- Importe de adxudicación: 114.199,58 € (sen IVE).

7) **Contrato de servizos de mantemento do recinto do PTG, dos edificios xestionados pola sociedade e das instalacións deportivas:**

- Data de publicación: 07/10/2022.
- Orzamento base de licitación: 255.973,40 € (sen IVE).
- Prazo de execución: dous anos, prorrogable anualmente ata tres anos máis.
- Ofertas recibidas: Acciona Facility Services SA, Comsa Service Facility Management SAU, Eulen SA, OHL Servicios Ingesan SA e Veolia Servicios Norte SAU
- Adxudicatario: Veolia Servicios Norte SAU
- Importe de adxudicación: 208.841,36€ (sen IVE).

SISTEMA DE XESTIÓN DE CUMPRIMENTO PENAL.

Foi no ano 2021 cando se desenvolveu a fase de deseño e implementación do SXCP, contratouse unha consultora especializada, identificáronse e avaliáronse os riscos penais da sociedade, elaboráronse as políticas e procesos internos de xestión do cumprimento, o código ético, o manual de cumprimento, e a implantación da canle de denuncias externa.

En 2022 leváronse a cabo tarefas de supervisión, seguimento e mellora continua realizadas polo Compliance Officer co apoio da consultora SMC Compliance. Realizouse a revisión e actualización de riscos e adaptouse o Manual de Cumprimento aos novos riscos.

Como parte da revisión e actualización dos riscos, tívose en conta a entrada en vigor da Lei integral de liberdade sexual, incorporando á matriz de riscos os novos delitos identificados. Ademais modificouse o apartado 3.1.2. do Manual de Cumprimento de Tecnópole para incorporar estes novos riscos ao catálogo de delitos que poden desencadear a responsabilidade da persoa xurídica.

Durante o exercicio 2022 tratouse unicamente unha non conformidade referida a unha sanción por vertidos á rede de saneamento, trala cal se tomaron medidas correctivas.

Ao longo do 2022 houbo 2147 visitas á canle ética de Tecnópole, e non se produciu ningunha denuncia polo que non houbo que levar a cabo ningunha investigación.

Os 5 indicadores identificados para medir a efectividade do sistema son:

1. Aceptación do código ético e as políticas internas por parte dos empregados (92%).
2. Formación a empregados (92%).
3. Aceptación do código ético por parte de provedores (65%).
4. Plans de mitigación: medidas internas de control realizadas ao 100%.
5. Risco residual vs. Obxectivo de risco: pasouse dun 65% inicial ao 69% actual.

PRINCIPAIS INVESTIMENTOS

Durante 2022 os principais investimentos foron os seguintes:

- melloras en control de accesos ao recinto: cámaras e cables
- substitución de cámaras de videovixilancia
- melloras instalacións de electricidade no Edificio CEI para adaptalas á lexislación vixente (magnetotérmicos, grupo electrógeno)
- novo software control de accesos e servidor para a súa instalación
- máquina de aire acondicionado e ventilación no Edificio Tecnópole II
- plan de infraestruturas enerxéticas sostibles
- redacción proxecto de parcelación da modificación puntual nº3 do Plan Parcial sector PTG
- nova imaxe de marca corporativa de Tecnópole
- deseño e programación da nova web (1ª parte)
- lámpadas led para completar o 100% nos tres edificios
- nova instalación de cables no salón de actos para telecomunicacións e audiovisuais
- renovación instalacións na sala de telecomunicacións CPD
- novas canalizacións de augas residuais do Edificio CEI
- reforma aseos do Edificio CEI

SEGUNDA FASE AMPLIACIÓN PARQUE TECNOLÓXICO

En 2021 asinouse o protocolo de actuacións entre o Concello de San Cibrao das Viñas, o Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. e a Sociedade Pública de Xestión do Solo de Galicia – Xestur S.A., para o desenvolvemento da área industrial do plan parcial SUR 12, 13 e 14 do PXOM de San Cibrao das Viñas.

Este protocolo fixa o plan de actuación, que de forma coordinada e consensuada,



levará a cabo para culminar o proceso de urbanización do ámbito do plan parcial SUR 12, 13 e 14 do PXOM de San Cibrao das Viñas, concretamente 341.538 m2 de chan pendente de urbanizar propiedade do PTG.

Tralo rexistro do proxecto de equidistribución actual, que corre por conta do PTG, o resto de actuacións de planificación contrátaas e xestiona XESTUR: modificación puntual do plan parcial, modificación do proxecto de urbanización, rexistro na propiedade da nova ordenación e licitar e executar as obras.

En 2022 completáronse os trámites para formalizar o rexistro do proxecto de equidistribución no Rexistro da Propiedade de Ourense. Entre outros:

- Sinatura dunha nova addenda ao convenio urbanístico co Concello de San Cibrao das Viñas, para especificar e deixar constancia de que as obras comprometidas en substitución da cesión do 10% do aproveitamento lucrativo que están pendentes realizaranse unha vez rematada a urbanización da segunda fase da ampliación do Parque Tecnolóxico de Galicia e no prazo máximo de 18 meses dende a data de finalización das obras de urbanización.
- Sinatura ante notario dunha acta de manifestacións cos propietarios das catro fincas con vivendas incluídas no proxecto de equidistribución na que fan constar que coñecen o citado proxecto e que consenten e autorizan para que PTG realice todos os trámites necesarios ante o rexistro da propiedade de Ourense para a súa inmatriculación.

Está previsto que en 2023 se formalice a permuta de terreos con Xestur, para que unha vez terminadas as obras de urbanización, Xestur entregue en pago a PTG a parcela ou parcelas que lle corresponden ata alcanzar o 18,72% da totalidade de aproveitamento lucrativo do ámbito, unha vez determinado o mesmo na aprobación definitiva da modificación do Plan Parcial (estimados 34.500 m2).

3 DESENVOLVEMENTO DO PLAN ESTRATÉXICO

O plan estratéxico definido, estrutúrase nas seguintes partes:

ESTRATEGIA DE OCUPACIÓN DO ESPAZO

1) Xestión do espazo dispoñible:

Promover a venda dos edificios sen utilización e en estado de abandono, as parcelas vendidas sen proxecto de desenvolvemento para a súa posible reactivación, así como a venda de parcelas para a instalación de novas sociedades.

a. Edificacións sen uso e parcelas vendidas sen edificar.

i. Busca de clientes para os edificios desocupados.

Completado ao 100%. A empresa Proyecon, comprou o edificio da extinta Tuconsa a Sogarpo e Sistemas de Oficina de Ourense (Canon) comprou o edificio da empresa en liquidación Gaelica Solar.

ii. Reactivación de parcelas vendidas e non desenvolvidas.

Tres parcelas nesta situación: Noroeste de Valor y Asociados (Nova Consultores parcela 8F), Confederación Hidrográfica Miño-Sil (Ministerio de transición ecolóxica parcela 5F) e Infinitus Rent (parcela 3 ampliación).

iii. Venda de novas parcelas.

Centro de excelencia en Ciberseguridade de Galicia (parcela 3E). En xuño presentouse o proxecto cun investimento de 4,2 millóns de euros. Espérase entre en funcionamento en 2025 e contará cun edificio de máis de 2.000 m² que albergará espazos de monitorización e xestión de ciberseguridade. Tamén contará con espazo para a colaboración con empresas.

Inclusión na Lei de áreas empresariais de Galicia dunha disposición adicional que equipara os incentivos á venda de parcelas propiedade do PTG coas de propiedade pública.

b. Novos espazos.

i. Recuperación do edificio de incubación da extinta Cámara de Comercio de Ourense.

Edificio necesario para aumentar a oferta de niños, que ao peche do ano se encontra cunha ocupación do 94%.

ii. Busca de novos espazos para o crecemento futuro.

Novos edificios modulares para dar cabida a medianas empresas. O proxecto considera un total de 10 módulos de 500 m² cada un, para desenvolver en fases e cun custo estimado por módulo de 600.000€.

c. Nova ampliación convenio Xestur. Analizado no apartado 2 deste documento.

2) **Servizos públicos do PTG.**

Mellorar a calidade dos servizos públicos ofrecidos dentro de Tecnópole:

- a. Mellora zonas axardinadas.
Limpeza das parcelas, así como da zona arqueolóxica para a eliminación de acacias.
- b. Recollida selectiva de lixo.
Completada o 100%. Acordo coa Deputación provincial de Ourense, para a recollida selectiva do lixo: Envases non industriais, papel e cartón, e vidro.
- c. Mellora de viarios e beirarrúas.
- d. Mellora de zonas comúns Tecnópole.
Cambio da iluminación dos edificios a LED.
Cambio cámaras de acceso e aumento da videovixilancia do perímetro do PTG.
Mellora cadros eléctricos en cumprimento a OCA vixente, recuperación do grupo electrógeno do edificio CEI.
Mellora do sistema de microfonía do salón de actos, así como do rack do sistema.
Mellora dos baños do edificio CEI.
Nova canalización de augas residuais, separando o edificio CEI da cafetería.

3) **Infraestruturas enerxéticas e de telecomunicacións.**

- a. Creación dunha comunidade enerxética local.
Primeira reunión coas empresas interesadas en formar parte da comunidade enerxética en setembro, coas consultoras responsables do plan técnico (Edinor, contratada polo PTG) e da estrutura xurídica da comunidade (Teira avogados, contratada por Inega).
- b. Mellora das conexións a internet e á rede de fibra óptica.
Repoñer cables do CPD, con cables certificados e identificación de todas as tomas.
Mellora da conexión a Internet ao pasar a contar con dúas liñas de 1Gbps (principal e respaldo) conectadas a dúas CPD de distinto provedor (R e Movistar).

4) **Estratexias sectoriais para a busca de novas empresas residentes.**

Principal enfoque cara ás empresas dos sectores cos que contamos cun centro tecnolóxico, así como nos sectores estratéxicos establecidos pola UE.

ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO EMPRESARIAL

1) **Galicia Avanza GAIN – IGAPE.**

Aceleradora para a Internacionalización da PEME Galega. Analizado no apartado 5.1 deste documento.

2) **Centro de Negocios.**

Dirixido desde embrións empresariais ata Startups, ampliando a oferta actual a só empresas establecidas.

- a. Polígono Virtual IGAPE – AJE.
Plataforma online de asesoramento ao emprendemento, así como as ferramentas ofimáticas necesarias para o desenvolvemento empresarial. A plataforma entra en funcionamento en novembro e aspira a obter 80 empresas rexistradas en 6 meses.
- b. Coworking IGAPE – EOI.
Espazo de formación ao emprendemento. O proceso de aceleración recibiu 16 proxectos que desde marzo ata setembro validaron o seu modelo de negocio e recibiron formación en distintas habilidades. O 5 de outubro realizouse o demo day dos proxectos participantes.

3) **Servizos profesionais.**

- a. Oficina técnica de proxectos.
Captación de fondos europeos. Apoio a proxectos innovadores.
- b. Cooperación empresarial.
Fomento ao traballo colaborativo, así como facilitar a transferencia tecnolóxica Universidade-Empresa. Realización de eventos de interese. Apoio á internacionalización, promoción de misións comerciais das cámaras.

4) **Infraestruturas singulares (Polo de validación e testeio, Tecmeva, laboratorio de biotecnoloxía e bunker de seguridade).**

- a. Tecmeva.
Negociacións con SERGAS e con ACIS para a firma dun convenio de colaboración para o uso das instalacións.

ESTRATEGIA DE FORMACIÓN, COMUNICACIÓN E MÁRKETING

1) **Formación en competencias dixitais.**

2) **Divulgación científica (Galiciencia, Aula Newton, Aulas Tecnópole, Ciencia e tecnoloxía en feminino).**

Agrupación de todas as actividades de divulgación baixo a marca Tecnópole Divulga. Analizado no apartado 6 deste documento.

3) **Comunicación e márketing.**

Difusión de notas de prensa das empresas residentes, así como a promoción activa da sociedade xestora. Maior presenza en redes sociais.

Deseñar unha nova mensaxe acorde á nova estratexia. Renovación da imaxe corporativa, así como a renovación da páxina web. espérase que a imaxe se migre a mediados do 2023.

ESTRATEGIA DE SOSTIBILIDADE

a. Aliñación con ODS.

Realizado un estudo pormenorizado do cumprimento actual, así como 16 melloras identificadas.

Identificación nas actividades realizadas dos ODS afectados por estas.

b. Economía circular.

Mellora substancial coa recollida selectiva de lixo.

c. Plan de mobilidade sostible.

En desenvolvemento o plan para poñelo en funcionamento durante 2023.

ESTRATEGIA DE INNOVACIÓN

a. Aliñación coa estratexia RIS3 de Galicia.

b. Consello asesor.

Creación dun consello asesor que permita de canle de comunicación da sociedade xestora coa Universidade e a empresa.

c. Diagnósticos de innovación ás empresas residentes.

d. Colaboración con Asociacións empresariais.

a. APTE/IASP

Incorporación do Director no comité executivo de APTE. Asistencia aos foros Disruptive e Transfiere ambos en Málaga. Asistencia ás asembleas e conferencias (Palma de Mallorca)

Encontros Latam de IASP

b. Ametic

Ao Summit 2022, Madrid. Evento anual organizado por Ametic, referente no sector da intelixencia artificial.

AS EMPRESAS DE TECNÓPOLE




Distribución das empresas, facturación e emprego

Segundo as distintas modalidades de instalación de empresas, a distribución é a seguinte coa información a 31 de decembro de 2022:


- En parcelas: 36 empresas
- No Edificio CEI: 30 empresas.
- No Edificio Tecnópole I: 14 empresas.
- No Edificio Tecnópole II: 5 empresas.
- Con contrato de domiciliación virtual: 16.

O total de entidades rexistradas na Tecnópole en decembro de 2022 era de 101 repartidas.

A distribución de empresas segundo a modalidade de instalación represéntase na seguinte gráfica:




Segundo os datos obtidos na enquisa anual, a facturación das empresas instaladas na Tecnópole no exercicio 2022 foi de 247 millóns de euros co que case se iguala á facturación anterior á pandemia do covid-19. En 2021 foron 183 M€, en 2020 158 M€ e en 2019 253 M€



En 2022 as empresas de Tecnópole deron emprego a 1713 persoas, sendo a media de idade de 38 anos e a porcentaxe de mulleres de 44% sobre o total de traballadores. O dato de emprego é superior ao contabilizado nos anos anteriores, superando incluso o dato de 2019.

En 2021 eran 1442 traballadores, en 2020 foron 1444 e en 2019 foron 1564.



As empresas de Tecnópole no 2022

A continuación infórmase da relación de empresas que estiveron instaladas na Tecnópole durante o ano 2022.

	Ablanal, S.A. www.serigrafiarte.es	Serigrafía, personalización de téxtiles. Promotores do proxecto de www. pioshop.es de deseño e personalización de roupa para bebés.
	Advanced Comfort Systems Ibérica, S.L.U. http://group-ac.com	Montaxe de pezas de automoción. Principais clientes: PSA e WV
	Aerocámaras	Formación e servizos profesionais con drons.
	Akunatura de Ourense S.L. www.akunatura.com	Ensaio e análises técnicas. Análíticas a empresas públicas e privadas.
	Alert Life Sciences Computing, S.L. www.alert-online.com	Programación, consultoría e outras actividades relacionadas coa informática.
	amodo Soluciones www.amodosoluciones.com	Consultoría técnica, marketing dixital, web e ecommerce e software a medida.
	Apolo www.apoloesores.es	Asesores de empresa.
Argimiro Levoso Touceda	Argimiro Levoso Touceda	Consultoría Agroalimentaria.
	Arte & Comunicaciones Avanzadas S.L. www.comunicacionesavanzadas.org	Consultoría de formación empresarial, cursos presenciais, másters, profesores a domicilio, coaching executivo...
	Asociación Galega de Graduados e Enxeñeiros Técnicos de Telecomunicacións	Colexio Oficial.
	Aspanetconomy S.L.	Consultoría Informática.

	Atlantica Suministros y Obras y Servicios S.L.	Desinfección ultravioleta e tratamento de líquidos.
	Aukor Automatización y Control Industrial S.L. www.aukor.com	Enxeñería especializada en automatización industrial.
	Axencia Galega da Industria Forestal www.cismadeira.com	Investigación nos diversos campos da industria da madeira.
	Biotech Research S.L. www.i2biotech.com	Servizos de asesoramento tecnolóxico, para discernir as mellores opcións de innovación.
	Blackdron S.L.	Servizos aéreos profesionais con drons como fotografía, filmacións, traballos de investigación e desenvolvemento, vixilancia e seguridade aérea ou servizos de recoñecemento.
	Bosch Service Solutions S. A. U.	Contact Center.
	Cámara Oficial de Comercio www.camaraourense.com	Viveiro de Empresas.
	Carnero Sobrino S.L. www.acuasec.com	Tratamentos contra a humidade. Venda de máquinas para o tratamento das humidades.
	Centro de Formación Toledo Norte S.L.	Formación.
	Centros Agrupados de Formación Empresa S.L. formateparaempleo.es	Formación.
	Ceo Aberto S.L. www.ceoaberto.com	Asesoría en proxectos de investigación de I+D+i, divulgación científica, imaxe corporativa, arquitectura efémera e edición de vídeo...

	CITI www.citi.uvigo.es	Centro de Investigación, Transferencia e Innovación da Universidade de Vigo.
	Clinica Dental Oral Park	Clinica dental
	Coasa S.A. www.aernnova.com	Fabricación de compoñentes e estruturas en composite para o sector aeronáutico (fundamentalmente pezas móbiles de avión).
	Conexiona Telecom, S.L. www.conexiona.es	Cloud Computing, Xestión documental, Call Center, Vídeo, Voz, Seguridade e Monitorización, HW, Redes e Informática
	Construcciones Alea S.L.	Construción.
	Contactnova S.L. www.contactnova.com	Centro de Atención de Chamadas. Call Center.
	Coren CTI www.coren.es	Elaboración de produtos cárnicos e de volatería.
	Cualtis, S.L.U.	Servizo de prevención alleo de riscos laborais.
	Dental López Laboratorio S.L. www.dentalopez.com SMILE?	Fabricación de instrumentos e subministrados médicos e odontolóxicos.
	Edisa Centro de Innovación www.edisa.es	ERP Libra, Solucións web, Business Intelligence, Cloud, Consultoría, Formación, Sistema e Outsourcing.

	Egatel S.L. www.egatel.es	I+D e fabricación produtos e sistemas de radiofrecuencia destinados a transporte ou difusión de sinais de tv e de radio dixital para broadcast.
	Enyiris Design Thinking Lab S.L. www.enyiris.com	Actividades de consultoría informática.
	Equipos Cardioprotección Castro S.L.	Comercio polo miúdo de artigos médicos e ortopédicos en establecementos especializados.
	esEnRed, S.L.	Desenvolvemento de novos modelos de xestión do coñecemento e o mercado para as empresas.
	Fentotek S.L. www.fentotek.com	Servizos técnicos de enxeñería e outras actividades relacionadas co asesoramento técnico.
	Fundación Centro Tecnolóxico da Carne www.ceteca.net	I+D+i no sector agroalimentario.
	Galprofor S.L.	Formación e consultoría
	Global and Ecofriendly Natural Extracts, S.L. www.glecex.com	Bioteconoloxía. Promotores da gama de produtos Berries & Friends berriesandfriends.com.
	Global Sales Solutions Line, S.L.	Telemarketing
Global Tele. y Mantenimiento, S.L.	Global Tele. y Mantenimiento, S.L.	Mantemento de equipos de telecomunicacións, informáticos e de electrónica.

	Hiszamoldes, S.A. www.hiszamoldes.com	Elaboración de estudos e proxectos de moldes de matricería industrial e deseño, construción, venda e reparación destes.
	Idae Consultoría RRHH S.L. www.idaeconsultores.com	Consultoría, Recursos humanos, Formación e Subvencións.
	Ideit S.L. www.ideit.es	Enxeñería de software, desenvolvemento e implantación de ERP's sectoriais , desenvolvemento de aplicacións para dispositivos móbiles, I+D...
	Ilunion Servicios Industriales S.L. www.ilunion.com	Automoción e compoñentes. Centro Especial de Empleo.
	Imatia Innovation S.L.	Tic -Tecnoloxía da información e as comunicacións.
	Imgrafor S.A. www.imgrafor.com	Artes gráficas e reprodución de soportes gravados.
	Inetum España S.A	Programación, consultoría e outras actividades relacionadas coa informática.
	Infinitus Rent, S.A. www.ingade.es	Aluguer de maquinaria, equipos e bens tanxibles n.c.o.p.
	Ingade Connect S.L. www.ingade.es	Consultoría estratéxica, sistemas de xestión, formación, adaptación á LOPD, Seguridade alimentaria, RSE e financiamento I+D+i.
	Ingeniería Gallega de Telecomunicaciones S.L.	Telecomunicacións

	JM Bruneau España S.A.U.	Comercio papel e artes gráficas.
	Keymetriks Group S. Coop Galega Juvenil	Consultoría Dixital Ecommerce.
	Laboratorio Labgalia www.coren.es	Laboratorio Galego de Innovación Agroalimentaria.
	Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia www.lomg.net	Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia. Calibración e ensaios.
	Laccio Consulting S.L.L.	Análise de alimentos e augas, formación na industria agroalimentaria e implantación de sistemas de calidade.
	Laddes Works S.L. www.laddesworks.com	Fabricación e deseño de produtos aeronáuticos e dos sectores eólico e industrial.
	LincBiotech S.L.	Investigación, desenvolvemento e comercialización de produtos e servizos para o sector biomédico.
	Madera Plus Calidad Forestal S.L. www.maderaplus.es	Servizos técnicos de arquitectura e enxeñería e outras actividades relacionadas co asesoramento.
	Mag & Mag Asociados S.L. www.magandmag.es	Consultoría de organización.
	Miniprice Express S.L. www.minipriceexpress.com	Venda de produtos informáticos para empresas e familias; portátiles, tablets, impresoras, pcs, etc.

	Naturgy Generación S.L.U.	Enerxía.
	Nemeton Capital S.L.	Xestión e administración da propiedade inmobiliaria.
	Newton Consultoría i-Formación www.newtonconsultoriaiformacion.com	Formación.
	Niotek Soluciones Informáticas S.L. www.niotek.com	Programación, consultoría e outras actividades relacionadas coa informática.
	Noroeste de Valor Asociados S.L.L. www.novaconsultores.es	Servizos de consultoría.
	Novelle y Fernández Ingeniería, S.L. www.ingeo.es	Enerxía xeotérmica, enxeñería de deseño e optimización de campos de captación abertos cerrados, control técnico de calidade nas obras e estudo de perímetros.
	Persianas Roma S.L. www.persianasroma.es	Fabricación de produtos de madeira, cortiza, cestería e espartería.
	Primux Trading S.L. www.primux.es	Fabricación e venda de dispositivos móbiles coa tecnoloxía Android: Tablets, Smartphones e Accesorios...
	Proyecon Galicia, S.A.	Construción.
	Qindel Formación y Servicios S.L. www.qindel.com	Consultoría en proxectos, contornos Linux e tecnoloxías da información.

	Quiron Prevención S.L.U. www.quironprevencion.com	Servizo de prevención de riscos laborais e recoñecementos médicos para empresas.
	Rcg & Rcg IT Consulting S.L.U. www.rcg-comunicaciones.com	Asesoría informática e de telecomunicacións, servizos informáticos integrais, especialmente orientados ao sector empresarial.
	Roberto Verino Difusión www. robertoverino.es	Téxtil moda.
	Safe Educación y Formación S.L. www.safeformacion.com	Formación.
	Seetval S.C.G.J.	Consultoría de xestión empresarial.
	Sertelfin S.L. www.sertelfin.com	Integradores de novas tecnoloxías.
	Servicios Web Tuinstructor S.L. www.tuinstructor.com	Servizos tecnolóxicos.
	Sigamos Consultoría S.L.	Solucións en sostibilidade corporativa
	Sinerxias Profesionais do Transporte	Asesoría integral de transporte, co obxecto de proporcionar ferramentas e solucións para a mellora de competitividade, produtividade e profesionalidade das pemes transportistas.
	Smart Bites Solutions, S.L. www.smartbites.net	Empresa de venda online de produtos gourmet.

	Talleres Arisa Ourense S.L. www.talleres-arisa.com	Electricidade, motores e transformadores eléctricos. Instalacións eléctricas, de fontanería e outras instalacións en obras de construción.
	Tecnica y Proyectos S.A.	Consultoría en enxeñaría civil e arquitectura
	Textinnova Global Contet S.L.U.	Tradución e servizos lingüísticos.
	Tragsatec S.A.	Enxeñaría
	TxStockData www.senseitrade.com	Desenvolvemento aplicación móbil finanzas.
	UTE Contactnova Callcenter 012 2019	Telemarketing.
UTE RIV Ourense - Monforte	UTE RIV Ourense - Monforte	Construción
UTE Seixalbo	UTE Seixalbo	Construción
	Vector Software Factory S.L.	Servizos profesionais de consultoría, tecnoloxías da información e outsourcing.

5 PROXECTOS E ACCIÓNS DE SOPORTE E PROMOCIÓN

GALICIA AVANZA

Galicia Avanza é un Programa de aceleración especializado na comercialización internacional da innovación que persegue que solucións innovadoras galegas, dispoñibles ou moi próximas ao mercado, alcancen a presenza e/ou o fortalecemento no mercado exterior no menor tempo posible.

O 3 de marzo de 2022 autorizouse no Consello da Xunta o convenio de colaboración entre a Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación -a través da Axencia Galega de Innovación (Gai) e do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)- e o Parque Tecnolóxico de Galicia (Tecnópole) para a posta en marcha do Programa, consistente en dúas convocatorias a desenvolverse entre 2022 e 2024.

A primeira convocatoria abriuse o 5 de abril de 2022 e presentáronse 42 empresas, entre as que se seleccionaron 30 como beneficiarias, con proxectos moi diversos.



O seguinte cadro amosa un resumo dos proxectos das empresas participantes:


EMPRESA	DESCRIPCIÓN EMPRESA/PRODUTO	PROVINCIA
Alén Space, S.L.	Spin-off da UVIGO desenvolvidor e fabricante de pequenos satélites baixo o Estándar Cubesat cun enfoque End2End, busca posicionarse como provedor de referencia na subministración de misións completas no mercado global, con excepción de China e Rusia.	Pontevedra
AYeconomics Research Centre S.L.	Spin-off da USC dedicada á I+D experimental en ciencias sociais e humanidades busca internacionalizar unha ferramenta de análise Input-Output (TIO) que axuda á toma de decisións e é útil para a análise e a avaliación de políticas locais e rexionais.	Coruña, A
CORISCA S.L.	Adega que quere afianzar a internacionalización do seu viño Corisca, albariño ecolóxico da D.O. Rías Baixas.	Pontevedra
COUNCILBOX TECHNOLOGY, S.L.	Empresa baseada no desenvolvemento e comercialización de software que busca a identificación e validación de mercados internacionais obxectivo para os seus produtos legaltech: xuntas e asembleas e oficina virtual de atención cidadá.	Pontevedra
COVERWIND SOLUTIONS, S.L.U.	Empresa de servizos asociados a parques eólicos e aerogeneradores que quere incrementar a súa proxección internacional	Pontevedra

ECOPLAS BARBANZA, S.L.	Empresa especializada en Plásticos e Medio Ambiente que quere impulsar a internacionalización de NETCYCLE mobiliario e produtos de deseño a partir de plástica reciclaxe.	Coruña, A
ENERCRAFT INNOVATIVE ELECTRIFICATION TECHNOLOGY, S.L.	Empresa que desenvolve, fabrica e comercializa innovadores dispositivos de acumulación, xestión e transformación de enerxía portátiles para os sectores Aeronáutico e Industrial que busca incrementar o volume das vendas internacionais.	Pontevedra
ERRECÉ - Aplicaciones Industriales del Láser, S.L.	Provedor dos principais fabricantes de automóbiles que busca impulsar a fase de comercialización internacional de contedores metálicos de desenvolvemento propio destinados á entrega dos seus produtos.	Coruña, A
FAUNA UTIL S.L.	Empresa dedicada ao desenvolvemento e comercialización de produtos biolóxicos para o control de pragas e enfermidades como o defoliador do eucalipto e a avésa do castiñeiro que busca poñer en valor internacionalmente a súa capacidade técnica e a consolidación dos seus produtos.	Pontevedra
FIABLONE, S.L.	Empresa que fabrica e comercializa embutido 100% vexetal sen cereais e sen conservación en frío que necesita apoio para a súa expansión internacional actualmente en curso.	Pontevedra
GALAIUS FINTECH, S.L.	Empresa do sector Fintech que busca reforzar a presenza internacional da súa plataforma de Factoring dixital (acceso a financiamento mediante a venda de facturas) e a súa solución para a dixitalización do financiamento das cadeas de provedores a través do Supply Chain Finance.	Coruña, A
GIFT CARDING SL	Empresa especializada na comercialización en liña experiencias en Spas que busca unificar o esforzo internacional na marca www.vouxs.com e establecer para iso unha estratexia ben definida.	Pontevedra
ICTEL INGENIEROS S.L.	Empresa de desenvolvemento de software e hardware que busca acelerar a expansión internacional do seu quiosco Roommatik para a realización e xestión do check-in automático en hoteis.	Pontevedra
IRISANA S.A.	Vendedor por xunto, importador e exportador que busca reforzar a presenza no mercado europeo do seu produto, Iriscup, unha copa menstrual fabricada con silicona platino e certificada coa ISO 10993 de Biocompatibilidade.	Pontevedra
ITERA TÉCNICA, S.L.U.	Enxeñería de base tecnolóxica que busca expandir e ampliar a cota de mercado noutros países dos seus proxectos de visión artificial e machine learning e dos seus procesos automatizados para a industria.	Pontevedra
JAMONES GONZALEZ, S.L.U.	Empresa dedicada á elaboración de produtos derivados do porcino que conta con varios selos de calidade que busca conseguir apoio para a produción dunha liña de produto ECO sen aditivos para a súa venda no mercado europeo.	Lugo

KEYBIOLOGICAL S.L.	Empresa biotecnolóxica que busca aproveitar o auxe internacional da cosmética natural e ecolóxica con Peroxibiokey®, un aceite ozonizado con propiedades antisépticas, antioxidantes, cicatrizantes e rexenerantes que eles mesmos producen.	Pontevedra
Laboratorio CIFGA S.A.	Empresa biotecnolóxica dedicada á obtención, desenvolvemento, certificación e comercialización de biotoxinas, principalmente de tipo mariño que busca abrir mercado para as súas toxinas para industria agroalimentaria e aos seus Kits e solucións para a industria téxtil/cosmética.	Lugo
LEGALMIT S.L./ LETICIA SEARA LOSADA	Empresa do sector LegalTech que busca deseñar a estratexia de márketing e abrir novas canles para o seu software LexDigo, modelo de subscripción SaaS para despachos e asesorías xurídicas.	Lugo
Miramar Cruises S.L.	Axencia especializada na venda de cruceiros turísticos que busca comercializar internacionalmente unha serie de experiencias locais vinculados á identidade marítima da Coruña e As Mariñas.	Coruña, A
NORLEAN MANUFACTURING AND PRODUCTIVIDAD, S.L.	Empresa tecnolóxica que busca abrir novos mercados á súa solución NoaHealth baseada na plataforma de xeración de xemelgos dixitais NOA que automatiza, estandariza e optimiza o proceso de asignación e planificación dos pacientes e recursos das unidades de radioterapia oncolóxica.	Pontevedra
NOVOS SISTEMAS DE INFORMACIÓN, S.L.	Empresa de desenvolvemento de software que busca acelerar a internacionalización de Coquus: unha ferramenta para a dixitalización do servizo de alimentación de hospitais e residencias, onde existe o complexo reto de alimentar pacientes ou residentes.	Pontevedra
PERFECT NUMBERS (DATA MONITORING SL)	Empresa de BT dedicada a solucións de monitorización baseadas en IoT, que busca apoio na internacionalización dos seus produtos dirixidos a diferentes sectores.	Lugo
PROQUIGA BIOTECH, S.A.	Compañía de biotecnoloxía enfocada á industria alimentaria que busca introducir o seu produto quimosina xenérica para o chamado do leite un mercado concreto con gran potencial.	Coruña, A
Qubitech Health Intelligence S.L.	Empresabiotecnolóxicaquequereabordara internacionalización do seu ecosistema de aplicacións Neurocloud: plataforma cloud para o procesado automático de neuroimaxes asistido por Intelixencia Artificial.	Coruña, A
Quobis Networks SLU	Empresa TIC que busca validar a súa estratexia internacional para o seu produto "Quobis Communication Platform" baseado en tecnoloxía WebRTC que permite a Operadoras e grandes empresas crear casos de uso personalizados estendendo as redes de comunicación VoIP a calquera dispositivo que teña conexión a internet.	Pontevedra

SISTEMAS AUDIOVISUALES ITELSIS, S.L.	Empresa do sector TIC que busca oportunidade de internacionalización da súa Scada SISMORED: Sistema de Monitorización de redes de distribución eléctricas de media e baixa tensión.	Coruña, A
SOFTWARE 4 SCIENCE DEVELOPMENTS S.L.	Spin-off da USC que desenvolve e comercializa software de análise de datos de técnicas biofísica (AFFINImeter) para a súa aplicación nas primeiras fases de descubrimento de fármacos cuxo obxectivo é atopar un socio para desenvolver ao máximo a súa liña de negocio de servizos a nivel internacional.	Coruña, A
TASTE LAB S.L.	Spin-off de USC que busca introducir en países de fala hispana o seu produto SENSESBIT, SaS capaz de analizar as claves para garantir o éxito sensorial dos produtos agro-alimentarios.	Lugo
VERSA REAL PROJECTS S.L.	Empresa especializada no deseño e a construción modular que busca consolidar a presenza no mercado portugués e abrir oportunidades no francés para o seu produto VERSATILE, un módulo de vivenda módulo mínimo baseado no contedor marítimo destinado principalmente a cámpings.	Pontevedra

A distribución das beneficiarias por provincia e por sector foi a seguinte:



Tras un profundo diagnóstico de necesidades, un equipo de expertos en internacionalización realizou un itinerario personalizado por cada empresa beneficiaria consistente en accións concretas como estudos do mercado, accións de márketing, adaptación de produtos e servizos, rexistro de marcas e certificacións.

EMPRESAS PRESENTADAS

42

DURACIÓN DO PROGRAMA


8 meses




Durante os 8 meses de duración do programa, traballouse na saída ao mercado exterior das empresas e tamén na consolidación internacional das que xa tiñan experiencia neste eido, abríndolles novos mercados ou accedendo a novos segmentos de clientes. Axudóuselles a buscar financiamento externo, avanzouse na protección das súas marcas e deseños industriais ou intelectuais e na detección de posibles colaboracións con outras empresas.

Os principais mercados de destino elixidos e as tipoloxías de servizos identificados e levados a cabo resúmense nos seguintes gráficos:

Principais mercados destino



Tipoloxía de servizos



En paralelo á execución dos itinerarios, celebráronse 8 accións formativas en temáticas como protección de activos intanxibles e internacionalización da protección, márketing dixital internacional e habilidades comerciais de venda a empresas B2B.

Formación Galicia Avanza

Protección internacional

A protección de activos intanxibles

Internacionalización da protección

Márketing dixital

Ferramentas para o posicionamento internacional

Xestión de marca nos procesos de internacionalización

Habilidades comerciais de venda a empresas (B2B)

Buyer Persoas & Obradoiro de Identificación de necesidades no Proceso de vendas

Xestión da Reunión de Apertura & Obradoiro de Obxeccións no Proceso de vendas

Loxística en operacións internacionais

Aproveitamento de feiras internacionais

A primeira edición de Galicia Avanza terá continuidade ata febreiro de 2023 e clausurarase mediante a celebración dun evento destinado a promover a internacionalización da innovación en Galicia e que contará cun completo programa de actividades:

- Experiencias en internacionalización.
- Empresas de referencia contaron a súa experiencia en internacionalización.
- Showroom das 30 empresas participantes no Programa Galicia Avanza.

POLÍGONO VIRTUAL

O 22 de febreiro de 2022 asinouse o convenio de colaboración entre IGAPE, a Asociación de Jóvenes Empresarios de Ourense (AJE) e o Parque Tecnolóxico de Galicia para a posta en marcha, como proxecto piloto, dun polígono virtual, entendendo como tal un conxunto de servizos dixitais para a xestión e a relación con clientes e provedores das PEMES galegas, acompañados de servizos online de asesoramento profesional no ámbito legal e administrativo.

A duración deste proxecto remata o 30/06/2024 e o obxectivo é alcanzar as 300 pemes usuarias. A dotación presupostaria do IGAPE a este proxecto é de 115.100 € o que supón o 66% do custo total estimado.

A achega de Tecnópole consiste na contratación dos servizos necesarios para realizar a web do proxecto máis a plataforma das aplicacións e a cesión gratuíta dunha oficina para o persoal de AJE e dos espazos para a celebración de xornadas, eventos, etc.

AJE Ourense encárgase da difusión do proxecto e da súa promoción entre as empresas galegas e da xestión dos servizos dixitais a través dunha plataforma.

A prestación dos servizos online de asesoramento profesional realízanse con persoal propio de AJE Ourense, situados fisicamente en instalacións de Tecnópole.

PROXECTOS INCUVI-EMPRENDE

No último trimestre de 2022 a Universidade de Vigo lanzou a XI Edición do Programa Incuvi-Emprende.

Este programa ten como obxectivo apoiar as ideas emprendedoras que xurdan entre o alumnado e persoas recentemente tituladas pola Universidade de Vigo co fin de fomentar o espírito emprendedor e impulsar as habilidades e competencias emprendedoras entre a comunidade universitaria.

A axuda consiste na formación e titorización do equipo emprendedor durante un período de preincubación de 7 meses.

A colaboración de Tecnópole consiste en facilitar un espazo aos proxectos seleccionados, para que se desenvolvan nunha contorna empresarial e poidan aproveitar os recursos que se poñen á súa disposición.

Os dous proxectos instalados en Tecnópole nesta edición son:

- LUXSIT do ámbito aeronáutico.
- HILL CHESS do sector informático e entretemento.

EVENTOS ORGANIZADOS EN TECNÓPOLE

Durante o 2022 organizáronse desde Tecnópole os seguintes eventos:

- **21/03/2022:** “Encontros enerxéticos. Autoconsumo e renovables térmicas.” Coa participación da xerente do INEGA, Vanessa Cal, a directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, Paula Uría, así como as empresas Finsa, Coren e a Universidade de Vigo que deron a coñecer as súas iniciativas de modernización enerxética.
- **23/03/2022:** Acto de inauguración do Coworking Igape-EOI-Tecnópole, coa presenza de Igape, EOI, así como os emprendedores que foron aceptados ao programa (17 Proxectos).
- Galicia del 11 ao 13 de maio.
- **26/05/2022:** Tecmeva. Curso de cirurxía de pé xestionado por MBI.
- **17/06/2022:** Evento de presentación Centro de Ciberseguridade.
- **22/06/2022:** Disruptive Galicia Materials (en colaboración con APTE. Virtual).
- **03/08/2022:** Reunión PERTE Economía Circular no Têxtil (en colaboración con APTE. Virtual).
- **13/09/2022:** Xornada de presentación de Galicia Avanza.
- **16/09/2022:** Reunión de arranque da Comunidade Enerxética.
- **28/09/2022:** Xornada sobre economía circular organizado polo Círculo de Empresarios e coa participación de Tecnópole.
- **05/10/2022:** Xornada de exhibición de proxectos participantes do coworking IGAPE-EOI.
- Os días 8, 10 e 11 de novembro, actos do proxecto Ciencia e Tecnoloxía en Feminino
- **08/11/2022:** Visita alumnos dun curso de emprego da Asociación do Polígono de San Cibrao.
- **09/11/2022:** Acción formativa dentro do programa Galicia Avanza.
- **15/11/2022:** Webinar: Xestión de marca en procesos de internacionalización (en aberto Galicia Avanza).

PRESENTACIÓN, PARTICIPACIÓN OU COLABORACIÓN EN EVENTOS FÓRA DE TECNÓPOLE

- **14/01/2022:** Asistencia ao Foro RIS3 en Santiago de Compostela,
- **16 ao 17/02/22:** Participación no Foro Transfiere de Málaga e Asemblea Xeral de APTE. Unha comitiva de Tecnópole participou nas actividades programadas por APTE (reunión de técnicos, asemblea, etc.) e mantivo reunións con empresas e entidades como FECYT, AMETIC, e REPSOL na busca de posibles colaboracións e para dar a coñecer o Parque.

- [31/03 ao 01/04/2022](#): Startup Congress Galicia en Vigo: Tecnópole participou Javier Taibo na mesa redonda “O futuro da Enerxía e nun workshop presentado por Beatriz Monfort “Programa de aceleración para a Internacionalización de pemes GALICIA AVANZA”.
- [28/04/2022](#): Artificial Intelligence Summit en Madrid: Evento anual organizado por Ametic e que é o referente no sector. Posicionamento de Galicia como candidato a contar coa Axencia Nacional.
- [07/04/2022](#): IASP Encuentros LATAM: Rondas de presentacións de parques tecnolóxicos de España e América Latina. Participación de Javier Taibo en representación de Tecnópole xunto con Málaga Techpark, Parque Litoral (Arxentina), TecnoParq (Brasil), ZEDE do Litoral (Ecuador) e o Parque científico de innovación social (Colombia).
- [08/04/2022](#): Premios Campus Auga Universidade de Vigo.
- [06/05/2022](#): Asemblea Xeral Ordinaria de BIOGA na Coruña. Asistencia á asemblea.
- [19/05/2022](#): eSmorGa edición Ourense. Participación en reunión de emprendedores.
- [20/05/2022](#): Colegio de Economistas de Ourense, premio honor a Guillermo Diez. Asistencia.
- [06/06/2022](#): We're in. Mulleres en Acción, Ourense. Asistencia.
- [09 ao 10/06/2022](#): Asemblea APTE e Conferencia Internacional de Parques españois en Palma. Nomeamento de Javier Taibo como vicepresidente do Comité executivo da asociación.
- [16/06/2022](#): Foro La Región, José Blanco. Asistencia.
- [20/06/2022](#): Toma de posesión Reitor Universidade de Vigo.
- [04/07/2022](#): Asemblea xeral CEO.
- [07/07/2022](#): Acto presentación Galicia Avanza na fábrica de Jamones González. Rolda de prensa.
- [15/07/2022](#): Áreas empresariais (consellería medio ambiente, territorio e vivenda) na sede de CEO.
- [31/08 ao 02/09/2022](#): Encontro da Economía Dixital e as Telecomunicacións, (AMETIC) en Santander.
- [27 ao 30/09/2022](#): Conferencia anual IASP en Sevilla.
- [27/09/2022](#): Comité executivo APTE en Sevilla.
- [06/10/2022](#): Supercomputación cuántica.
- [14/10/2022](#): Polígono de San Cibrao presentación: Networking Galicia Empresa 2022.
- [14/10/2022](#): Noite da Enerxía entrega de premios, Ourense.
- [02-03/11/2022](#): Reunión rede Iberoamericana de Parques científicos e tecnolóxicos, recomendacións para a reunión de Ministros Iberoamericanos de innovación, Santiago de Compostela.
- [04/11/2022](#): Asemblea Xeral da Asociación de empresarios do Polígono de San Cibrao.

- [22-23/11/2022](#): Encontro Ibérico de Parques Tecnolóxicos. Relatorio sobre Teletraballo por Sabela Bouzo.
- [13/12/2022](#): Reunión Comité executivo APTE Plan estratéxico 2023-26.
- [15/12/2022](#): 45 Aniversario CEO.
- [16/12/2022](#): Comisión Intelixencia Artificial AMETIC (Virtual).
- [20-21/12/2022](#): Xurado premios INCUVI Universidade de Vigo (Virtual).

A promoción de Tecnópole completouse por parte do director xerente coa celebración de decenas de reunións e entrevistas con personalidades e representantes dos principais axentes, tanto institucionais como empresariais.



PLAN DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA TECNÓPOLE DIVULGA

Redeseñáronse todas as actividades de divulgación científica que se levan desenvolvendo en Tecnópole durante máis de quince anos de forma permanente. Focalizándose, principalmente, en dúas áreas ben definidas:

1. Redes Sociais e Imaxe de Tecnópole en materia de divulgación científica

Deseñouse unha imaxe e denominación común, Tecnópole Divulga, logo e nome para todas as redes sociais do Parque relacionadas con divulgación científica.

2. Actividades de divulgación científica

As actividades de divulgación científica orientaranse ao sector aeroespacial e a colectivos sociais normalmente afastados deste tipo de actividades.

IV edición do proxecto **Ciencia e Tecnoloxía en Feminino**

Tecnópole participou xunto a outros 19 Parques na IV edición do proxecto “Ciencia e Tecnoloxía en feminino” promovido por APTE cuxo obxectivo principal é aumentar a capacidade de atracción dos estudos da rama científico-tecnolóxica entre o público feminino máis novo.

O 26 de outubro do 2021, presentouse conxuntamente cos 19 parques participantes nesta edición, a participación activa de Tecnópole no proxecto mediante a elaboración e difusión dun [vídeo-presentación de Patricia Argerey](#), directora da GAIN a través da canle de YouTube, e nas redes sociais.

Como actividades principais **durante o mes de febreiro (9, 10 e 11) de 2022 celebráronse en Tecnópole tres xornadas de formación** impartidas por Patricia Barciela, directora da DOMUS, ás que asistiron un total de 130 estudantes de 3º e 4º da ESO de tres centros educativos de Ourense - dos cales 66 foron mulleres-.

Unha vez finalizada a xornada, o alumnado traballou nos seus respectivos centros para formular propostas de solucións innovadoras a retos reais do Parque Tecnolóxico de Galicia relacionados cos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, e enviaron a súa proposta en formato vídeo a Tecnópole, o vídeo seleccionado para representar a Tecnópole foi o elaborado por tres alumnas do Colexio Santo Ángel de Ourense co título de [«Obtención de filamentos para impresión 3D a partir de botellas y envases PET»](#) que resultou gañador do premio final que se entregou no certame que se celebrou en Madrid o 21 de abril.

6 TECNÓPOLE DIVULGA

Na xornada do día 11, coincidindo coa conmemoración do Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia, organizouse unha mesa redonda retransmitida en streaming con tres mulleres emprendedoras que traballan en Tecnópole no campo da ciencia e a tecnoloxía, que relataron por que decidiron elixir unha carreira STEM e cal foi a súa aplicación no mercado laboral. Conectáronse ao streaming 17 centros escolares diferentes de toda Galicia cun total de 785 estudantes dos cales 371 foron mulleres.

Ademais, o Parque elaborou e difundiu unha serie de vídeos protagonizados por mulleres científicas e tecnólogas que exercen o seu labor en Tecnópole. É o caso de [Marta Otero](#), doutora en Física e técnica de I+D no Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia; e [Marta Antolín](#), enxeñeira superior de telecomunicacións, responsable do Departamento de Control de Calidade de Egatel.

Galiciencia 2022

Galiciencia, a maior feira científica e tecnolóxica que se celebra en Galicia, consiste na organización e desenvolvemento dun certame científico gratuito que ten como público obxectivo estudantes de Primaria, Secundaria, Bacharelato, FP e Educación Especial; e que permanece aberto ao público xeral. Desenvólvese



en colaboración coa Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia; e co patrocinio da FECYT (Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología – Ministerio de Ciencia e Innovación). Celebrouse no Parque Tecnolóxico de Galicia durante o 11, 12 e 13 de maio.

Despois de dous anos realizándose en formato online, Galiciencia regresou de novo de maneira presencial (aínda que tamén se puido participar de maneira online). Esta 17ª edición tivo como temática a “Economía Circular”. Nesta edición participaron un total de 90 proxectos. De maneira presencial concorreron 50 proxectos de Secundaria, Bacharelato e FP -que foron os que competiron polo premio final- e 20 de Primaria. De maneira online foron 17 proxectos de Secundaria, Bacharelato e FP e 3 de Primaria.

Con visitas organizadas asistiron á feira unhas 1600 persoas, de 40 centros de toda

Galicia, dos cales o 46% eran mulleres. As diferentes actividades aglutinaron un total de 3090 participantes.

Púidose participar en Galiciencia de diferentes modos:

- **Como protagonistas na Exposición de Proxectos presencial e online para Secundaria, Bacharelato e FP e para Primaria:** os estudantes que desenvolveron de forma previa á feira e co apoio dos seus profesores/as, un proxecto utilizando o método científico expuxérono e explicaron ao público visitante. A exposición estivo aberta a proxectos de toda a comunidade galega e do resto de España.
- **Como protagonistas na Exposición de Proxectos só online para Secundaria, Bacharelato e FP e para Primaria:** A participación fíxose a través da [páxina web de Galiciencia](#).
- **Como visitantes:** os estudantes e docentes pertencentes a centros de ensinanza de toda Galicia asisten á exposición de proxectos e participan no resto das actividades.
 - [3 talleres didácticos para Sec, Bac e FP](#) relacionados coa economía circular.
 - [2 talleres específicos para Primaria e Educación Especial](#) relacionados coa EC.
 - **1 espectáculo de ciencia:** con sesión de vídeo en **streaming** para facilitar e ampliar o alcance do proxecto. Posteriormente este espectáculo científico colgouse na canle de **YouTube de Tecnópole e páxina web de Galiciencia**. Ademais, subtitulouse en galego e castelán e interpretouse na lingua oficial de signos española para facer máis accesible Galiciencia a todas as persoas, contribuindo con iso a romper as barreiras lingüísticas e orientando este tipo de actividades a colectivos sociais normalmente afastados das actividades de divulgación científica como é a comunidade xorda.
 - **2 talleres exclusivos para os expositores Celebrados o 11 e 12 de maio.** Un taller sobre *minerais estratéxicos* impartido en colaboración coa Escola de Enxeñería de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo co obxectivo principal de dar a coñecer os diferentes graos ofertados pola dita escola na UVigo. Ademais, impartíuselles outro taller sobre *aeronáutica a aventura de voar* impartido por divulgadores científicos contratados polo Parque, co obxectivo principal de dar a coñecer a aula Newton única en España dotada con tres simuladores de voo utilizada

para impartir actividades de divulgación científica relacionadas co sector aeronáutico.

- **1 programa de radio Efervescencia da Radio Galega** gravado durante o mércores 11 de maio .

➤ **Como Participantes nas actividades previas á Galiciencia:**

- Desafío ¡atrévete coa economía circular! dirixido a estudantes pertencentes a centros de Galicia dos últimos cursos de Primaria (4º, 5º e 6º), Secundaria e Bacharelato. O concurso constou de dúas fases: 1ª fase non presencial, e una 2ª fase presencial que tivo lugar o xoves 12 de maio durante a Galiciencia. Obtívose récord de participación con 31 centros educativos, e 546 alumnos/as participantes.
- 2 concursos: un de debuxo para a camiseta oficial de Galiciencia - dirixido a estudantes de Primaria e Educación Especial- obtívose unha participación de 13 centros educativos e cerca de 300 debuxos, dos cales saíu o deseño ganador que se plasmou nas 600 camisetas; e outro, fotográfico a través do Instagram de Galiciencia, dirixido a estudantes de Secundaria, Bacharelato e FP e docentes. No que participaron un total de 7 centros educativos con case 40 fotografías. Os ganadores publicáronse nas redes sociais e páxina web de Galiciencia.

En canto ao impacto cuantitativo da Galiciencia 2022 medíronse os seguintes indicadores:

- **nº de proxectos presentados:** 100 proxectos presentados.
- **nº de proxectos seleccionados:** 90 proxectos (**67 de Secundaria – 23 de Primaria**).
- **nº de visitantes** (visitas organizadas por Tecnópole): 1600 asistentes.
- **nº de visitantes mulleres a Galiciencia 2022** (visitas organizadas por Tecnópole): 736 mulleres.
- **nº visitas aos 3 vídeos** ([espectáculo de ciencia](#), [espectáculo de ciencia subtítulo en castelán e galego e interpretado en lingua oficial de signos española](#)) colgados na canle de YouTube do Parque e na páxina web de Galiciencia.
- **nº de noticias xeradas nos medios de comunicación:** 176 impactos en medios: 139 publicacións en prensa en papel e dixital e 37 reportaxes e entrevistas en

radio e televisión. 6 noticias na newsletter do Parque Tecnolóxico de Galicia. 2 noticias publicadas na newsletter de APTE e 1 noticia publicada na revista de APTE.

- **nº de seguidores e impresións/visitas nas redes sociais do Parque e de Galiciencia:**
 - No LinkedIn de Tecnópole con 571 seguidores e rexistráronse 2073 impresións.
 - No Twitter de Tecnópole con 3933 seguidores e rexistráronse 3620 impresións.
 - No Facebook da Galiciencia con 1508 seguidores con 7606 visualizacións.
 - No Instagram da Galiciencia con 1013 seguidores con 3927 visualizacións.
 - No TikTok da Galiciencia con 1128 seguidores con 2947 visualizacións.
- **nº de exemplares distribuídos da revista de Galiciencia 2022:** tirada de 1500 exemplares. Envío a 100 entidades entre centros educativos e institucións.
- **nº visitas ao vídeo oficial da Galiciencia 2022** (está presente na web de Galiciencia e na canle de YouTube e redes sociais do Parque e Galiciencia), na actualidade conta con 77 visualizacións.

En torno ás visitas presenciais organizadas por Tecnópole realizáronse 400 enquisas, o que representa un 25% do alumnado. Sobre unha puntuación de 5, os resultados foron: Galiciencia en xeral: 4,29, Espectáculo de ciencia: 4,21, Talleres científicos: 4,11, Exposición de proxectos: 4,22, Organización e atención do persoal: 4,29.

Aulas Tecnópole

Segundo o previsto polo plan estratéxico de divulgación científica elimináronse as STEAM Kids Tecnópole para o curso 2022-2023, manténdose as Aulas Tecnópole, co obxectivo de centrar as actividades aos grupos escolares de idades entre os 12 e os 18 anos.

Foi un éxito de convocatoria, posto que nesta décimo terceira edición, cubríronse as 45 prazas ofertadas en menos dunha semana.



Aula Newton Galicia

Segundo o planificado, na II edición da Aula Newton ampliáronse as sesións formativas da actividade de “Voamos con números: unha aventura aérea” de unha vez por semana a dúas veces por semana (xoves e venres) en horario de 10:00h a 13:00h e para un grupo máximo de 24 alumnos/as dende 2º ESO a 1º Bacharelato.



Durante esta II edición de Aula Newton Galicia asistirán un total de 1700 persoas ás 63 sesións planificadas, das que un 47% son mulleres, 800 participantes. Posto que Tecnópole no seu compromiso co [ODS 5 Igualdade de xénero](#), insta aos centros educativos a que traian á actividade un número de mulleres igual ao de homes para asegurar esa paridade.

Ademais, xa está en funcionamento unha misión de rescate que se desenvolve integramente en Galicia, froito da colaboración de Tecnópole coa Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA), a través do 112 Galicia.

Campamento tecnolóxico de verán T2W

Debido ao éxito obtido co módulo de «Voamos con números: unha aventura aérea» levado a cabo durante o curso escolar na Aula Newton Galicia, Tecnópole decidiu levar a cabo o seu tradicional campamento tecnolóxico de verán, pero, nesta ocasión, reinventándose e aproveitando a metodoloxía e recursos utilizados na Aula Newton Galicia.

A X Edición do Campamento tecnolóxico de verán de Tecnópole dividiuse en dúas quendas de 5 días de duración cada unha. Diseñouse para un máximo de 36 mozos e mozas por quenda de 12 a 16 anos.

Durante as dúas edicións do T2W 2022 foron un total de 72 participantes, dos cales 21 eran mulleres (un 29,17% de mulleres).

V edición do proxecto Ciencia e Tecnoloxía en Feminino

Tecnópole participou xunto con outros 20 Parques na V edición do proxecto “Ciencia e Tecnoloxía en feminino” promovido por APTE cuxo obxectivo principal é aumentar a capacidade de atracción dos estudos da rama científico-tecnolóxica entre o público feminino máis novo.

O 2 de novembro, presentouse conxuntamente cos 20 parques participantes nesta edición, a participación activa de Tecnópole no proxecto mediante a elaboración e difusión dun vídeo-presentación de Esther Merlo, directora de Madera Plus, unha das empresas do Parque, a través da canle de YouTube, e nas redes sociais do Parque.

Como actividades principais durante o mes de novembro (8, 10 e 15) de 2022, coincidindo coa semana da ciencia, celebráronse en Tecnópole tres xornadas de formación impartidas por Patricia Barciela, directora da DOMUS, ás que asistiron tres centros educativos da provincia de Ourense.

7 ENQUISAS DE SATISFACCIÓN 2022

ENQUISA SATISFACCIÓN EMPRESAS TECNÓPOLE

Como cada ano realizouse a enquisa de satisfacción ás empresas instaladas nos distintos espazos dos que dispón a Tecnópole, CEI, parcelas, Tecnópole I e II e domiciliación virtual.

Nesta ocasión a novidade foi a forma de solicitar a información, pois ata agora sempre se fixera de forma presencial e este ano foi a través dun cuestionario online, o cal facilitou a recollida dos datos.

Obtívose resposta do 91% das empresas ás que se enviou o cuestionario.


Estas empresas por porcentaxes están distribuídas da seguinte maneira:

35% CEI

29% Parcelas

28% Edificios Tecnópole I e II

8% Domiciliación virtual



1.1. Referente a elas podemos dicir que:

- O 5% destas empresas está participada en máis dun 10% por unha ou varias entidades estranxeiras.
- O 52% delas é unha peme a efectos de recibir subvencións.
- O 27% posúe plataforma E-Commerce.
- O 37% teñen un plan de igualdade.

1.2. En canto aos datos referidos aos empregados da Tecnópole no ano 2022:


- O 55,99% son homes, dos cales o 16% dedícase a I+D
- O 44,01% son mulleres, das cales o 12% dedícase a I+D
- O 85,01% son titulados/as superiores ou medios.
- A media da idade é de 38 anos.

1.3. Valoración servizos e actividades de Tecnópole

A través deste cuestionario tamén se solicitan as valoracións dos servizos e actividades que ofrece Tecnópole.

Os máis puntuados polas empresas foron en primeiro lugar o trato e atención recibida do persoal, seguido do servizo de recepción, as actividades de divulgación científica e a seguridade no recinto. Dos menos puntuados sería internet.

Na seguinte gráfica pódese ver o nivel medio de satisfacción das empresas segundo a súa situación na Tecnópole.




1.4. O que máis valoran e o que botan en falta

Dos aspectos que máis valoran é a situación e o estar en contacto con outras empresas tecnolóxicas, así como a seguridade do recinto e a imaxe; os servizos de Tecnópole e o trato recibido do seu persoal tamén son nomeados por moitas empresas.

Cando se lles pregunta polo que botan en falta na Tecnópole, un 68% non responden, e dos que responden, en xeral solicitan un mellor transporte e servizo de gardería.

ENQUISAS DE SATISFACCIÓN ACTIVIDADES DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA

Sobre unha puntuación máxima de 5 puntos, os resultados das enquisas de satisfacción das actividades de divulgación científica poden verse na seguinte gráfica:



8 COMUNICACIÓN E PRENSA

A presenza de Tecnópole nos medios de comunicación, tanto a través dos seus diferentes proxectos e iniciativas postas en marcha polo Parque como das empresas que o integran, é fundamental para o seu coñecemento por parte da sociedade en xeral pero tamén para animar a futuras propostas empresariais e innovadoras que poidan incorporarse ao Parque.

As cifras de Comunicación correspondentes a 2022 son as seguintes:

TEMAS E IMPACTOS

- Galiciencia 2022: 139
- Aceleradora Galicia Avanza: 48
- Celebración da 4ª edición de “Ciencia e Tecnoloxía en feminino”: 36
- Creación do Centro de Excelencia en Ciberseguridade de Galicia: 24
- Plan Estratégico 2022-2024 do Parque: 21
- Aula Newton: 17
- Coworking “Igape-EOI-Tecnópole”: 15
- Presentación do proxecto SmartGecko, integrado en Conecta Hubs: 15
- Creación da primeira comunidade enerxética empresarial de Galicia: 12
- Participación de Aulas Tecnópole na feira científica Exporecerca: 12
- Celebración da 5ª edición de “Ciencia e Tecnoloxía en femenino”: 11
- Posta en marcha dunha nova edición de Aulas Tecnópole: 10
- A empresa de Tecnópole Primux fabricará ordenadores enfocados na intelixencia artificial, a realidade virtual e o gaming de competición: 10
- Xornada do Círculo de Empresarios de Galicia sobre “Economía Circular”: 8
- A empresa Ibérica de Esponjas Vegetales, apoiada por Agrobiotech, consegue a patente europea: 8
- Apertura das piscinas de Tecnópole: 7
- Colaboración da empresa de Tecnópole Egatel no proxecto Satmar: 5
- Campamento tecnolóxico de verán T2W: 5
- Sinatura dun convenio co laboratorio Akunatura para a realización de probas PCR a empresas e traballadores do Parque: 4
- Incorporación a Tecnópole da empresa Sigamos Consultoría: 4
- A firma de Tecnópole Isos, axente dixitalizador do programa Kit Digital: 3
- Reportaxe en “Faro de Vigo” con motivo do 30º aniversario de Tecnópole: 3
- Reportaxe en “La Voz de Galicia” con motivo do 30º aniversario de Tecnópole: 3
- Nace en Tecnópole Laminfy, unha plataforma que conecta a profesionais da arquitectura, interiorismo e construción: 2
- Entrevista ao director de Tecnópole en “La Región” e “Atlántico Diario”: 2
- Apoio financeiro automático coa empresa do Parque Coinscrap Finance: 2
- Polígono Virtual de Tecnópole: 1
- Artigo de Javier Taibo en “El Español”: 1
- Tecnópole, referente no sector TIC: 1
- Entrevista a Javier Taibo para “Galicia Empresa” (Xunta de Galicia): 1

- A empresa Lincbiotech, con sede en Tecnópole, avanza na detección precoz do Alzheimer: 1

BALANCE INFORMATIVO 2022

Impactos totais nos medios de comunicación: 493

Prensa

Nº de noticias xeradas en prensa: 431

Medios audiovisuais

Entrevistas e noticias en medios audiovisuais: 62

- Galiciencia: 36
- Ciencia e Tecnoloxía en feminino: 7
- Participación de Aulas Tecnópole en Exporecerca: 4
- Creación do Centro de Ciberseguridade de Galicia: 3
- Aula Newton: 2
- Campamento tecnolóxico de verán T2W: 2
- Entrevistas á empresa Primux: 2
- Convenio con Akunatura: 1
- Coworking: 1
- Presentación do proxecto SmartGecko: 1
- Plan Estratégico do Parque: 1
- Evento do Círculo de Empresarios en Tecnópole: 1
- Entrevista a Javier Taibo en “Onda Madrid”: 1

Newsletter

- Nº de noticias vencelladas ao Parque publicadas no newsletter de Tecnópole: 114
- Nº de noticias publicadas no newsletter da Asociación de Parques Científicos y Tecnolóxicos de España (APTE): 19
- Nº de noticias publicadas na revista de APTE: 7

REDES SOCIAIS

Twitter

3941 seguidores

- 172 tweets
- Impresións 34.610
- Visitas perfil: 33.193
- Mencións: 172

LinkedIn

684 seguidores.

As impresións incrementáronse un 15% en 2022.

Facebook Galicia

1700 seguidores (71% mulleres, entre 35-45 anos de idade).

As visitas incrementáronse un 34% chegando a 1728.

O incremento de seguidores é lento pero aumenta a interacción.

Instagram Galicia

1355 seguidores.

As publicacións con vídeos son as de máis éxito.

Tik Tok Galicia

2462 seguidores.

Incremento destacado en seguidores e no alcance das publicacións.

PUBLICACIÓNS

Algunhas das noticias publicadas en 2022:

PRENSA

Ibérica de Esponjas Vegetales, empresa impulsada por Agrobiotech

El estropajo compostable con patente

La Voz de Galicia, 17 de xaneiro de 2022

El estropajo compostable con patente

La empresa gallega Ibérica logra la protección europea para su diseño elaborado con luffa, una especie de calabacín que se cultiva en Caldas

M. ALFONSO
REDACCIÓN / LA VOZ

Hace ya doce años que la empresa Ibérica de Esponjas Vegetales se puso en marcha con el objetivo de cultivar luffa, una especie de calabacín del que se extraen esponjas y estropajos vegetales. El camino no ha sido sencillo, explica Juan Carlos Mascato, director técnico de la firma. Tras conseguir una variedad genética propia de esta planta, empezaron a extraer las primeras esponjas vegetales. Ahora, han dado un paso más y diseñado un estropajo natural y compostable. Un producto que acaban de patentar ante la Unión Europea y que ya está registrado en China y Canadá. Porque aunque esta empresa nació en Caldas, donde sigue teniendo su sede, se ha convertido en la principal firma europea dedicada al



Juan Carlos Mascato sostiene una luffa, los frutos con los que hace esponjas y estropajos sostenibles.

luego se cosechan, se pelan, se les sacan las semillas y se dejan secar. De ahí se extraen las fibras, que luego se tratan con agua termal a 43 grados centígrados.

primer estropajo de cocina, un producto que han decidido patentar en medio mundo. «Decatámonos de que un dos produtos que máis podemos axudar ao medio ambiente é un estropallo

este apoio non estaríamos onde estamos hoxe, porque os custos de todo o proceso son moi elevados e sería imposible facerlles fronte», añade Mascato. Primeiro lograron las patentes en Cana-

Un producto que no deja huella y que puede durar en la cocina de seis a ocho meses

Aunque Ibérica de Esponjas Vegetales nació con el objetivo de elaborar esponjas para baño, pronto se dieron cuenta de que el estropajo era un diseño que encajaba perfectamente en su línea de trabajo y que, además, podía tener una gran demanda por ser un bien de gran consumo. Ambos productos tienen en común, según Mascato, que pueden restar mucha contaminación al medio ambiente, evitando llenarlo de los famosos microplásticos que tanto daño causan en el entorno. La empresa sigue adelante con su línea cosmética, pero ha desarrollado una más industrial para acoger esta nueva gama.

«Os nosos estropallos non deixan pegada ningunha, non contaminan e, ademais, son compostables», cuenta el director técnico de la firma. Reconoce que hay una diferencia de precio considerable entre los elaborados con fibras sintéticas y los suyos, pero es que también la calidad es diferente, asegura. «Os nosos poden

Coworking de Tecnópole

Se buscan empresas primerizas para crecer en la Tecnópole

La Voz de Galicia, 14 de xaneiro de 2022

Se buscan empresas primerizas para crecer en la Tecnópole

El Parque Tecnológico de Galicia ofrece de forma gratuita cinco meses un espacio de «coworking» a emprendedores

RUBÉN NÓVOA
OURENSE / LA VOZ

La fase de desarrollo de una idea empresarial y sus primeros pasos son determinantes para que el proyecto acabe en un negocio viable y de éxito. Conscientes de la importancia de esos movimientos iniciales y de la necesidad de que los emprendedores cuenten con todas las herramientas a su alcance para llegar al éxito, el Parque Tecnológico de Galicia abrirá un nuevo espacio dedicado a impulsar propuestas empresariales viables. Se trata del coworking Iga-pe-EOI-Tecnópole, una iniciativa a tres bandas que nace de la colaboración entre la Escuela de Organización Industrial y el Iga-pe. En Galicia, hay once espacios que se integran en este programa, tres de ellos en Ourense (O Carballiño, A Rúa y Tecnópole).

En esta experiencia pueden participar de forma totalmente gratuita emprendedores con un proyecto empresarial en fase temprana de desarrollo o con una empresa creada recientemente. El límite establecido es de menos de seis meses antes de su incorporación al espacio de trabajo cooperativo. El programa se desarrollará entre los meses de febrero y junio de este año. Se realizarán una serie de actividades, como talleres en los que se ayu-

dará a los emprendedores a validar su modelo de negocio, así como a desarrollar las habilidades imprescindibles para ponerlo en marcha. También se llevarán a cabo jornadas de formación grupal de todos los participantes y que se espera contribuyan a impulsar sus proyectos al abordar aspectos como las finanzas, las habilidades de comunicación o la gestión del talento.

Los emprendedores que se incluyan en esta iniciativa —la cifra máxima de participantes es de veinte— participarán en sesiones de mentorización dirigidas por expertos, que los acom-

ACUERDO

Descuento de un 30 % a trabajadores en pruebas covid

El Parque Tecnológico de Galicia firma un convenio con el laboratorio Akunatura para la realización de pruebas PCR a las empresas y trabajadores de la Tecnópole. Con esta medida, se busca atajar la propagación de la infección, además de minimizar las consecuencias que puedan afectar al funcionamiento de las compañías situadas en el parque de San Cibrao das Viñas. El descuento para los trabajadores será de hasta un 30 % en estas pruebas.

pañarán en fases tan cruciales para el éxito como el diseño del modelo de negocio o la optimización de cada proyecto. Como cierre de la edición, tendrá lugar el denominado Demo Day, durante el que se presentarán todos los proyectos, su evolución y las posibilidades de colaboración. «En cinco meses terán pasado dunha idea a unha realidade de negocio, sen ningún custo e con moita axuda por parte de profesionais especializados nun espazo onde poder traballar con tódalas comodidades e servizos, mantendo unha relación con outros emprendedores. É unha oportunidade moi proveitosa que, sen dúbida, os axudará a despegar», explicó Javier Talbo, director del Parque Tecnológico de Galicia. Las inscripciones ya pueden realizarse en <https://www.eoi.es/es/espacios-coworking/tecnopole/admission>.

Centro de innovación

El nuevo servicio que pone en marcha la Tecnópole sirve para apuntalar un espacio que se ha convertido desde su apertura en un punto de encuentro para la innovación. En sus casi treinta años de trayectoria su actividad se ha enfocado hacia empresas de I+D+i. Entre las posibilidades que ofrece a los emprendedores se encuentran incubadoras de empresas.

As actividades da Aula Newton completan as súas prazas

La Región, 12 de maio de 2022

Unha iniciativa de divulgación científica gratuita dirixida a estudantes de 3º e 4º de ESO que se desenvolve na Tecnópole

As actividades da Aula Newton completan as súas prazas

S.N. OUPDICE
especial@la-región.net

Os centros de educación secundaria de Galicia amosaron un elevado interese por participar nas actividades da Aula Newton, localizada no Parque Tecnolóxico de Galicia-Tecnópole (Ourense), o que propiciou que as 21 sesións previstas ata o mes de xuño teñan xa colgado o cartel de completo para o presente curso escolar.

A Aula Newton Galicia -promovida conjuntamente pola Xunta de Galicia, Boeing, a organización seu ánimo de lucro First Scandinavia e Tecnópole- foi inaugurada o 19 de outubro de 2021 e no seu primeiro trimestre de actividade case 300 alumnos e alumnas gozaron da experiencia de aprendizaxe.

Trátase da primeira Aula Newton permanente en España e, polo momento, a única. É unha iniciativa de divulgación científica gratuita dirixida a estudantes de 3º e 4º de ESO na que se ofrece formación en ciencia, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas mediante dinámicas de grupo, de forma que os estudantes teñen acceso a equipos que lles permiten reflexionar, explorar, debater e colaborar en materias STEM.

A Aula está aberta os venres durante o curso escolar en horario de 10:00 a 14:15 horas e as actividades que se desenvolven durante estas máis de catro horas son dúas. A primeira delas é Voando con números: unha aventura aérea, na que o alumnado, axudado por un equipo de formadores e de instructores de voo, recibe unha misión de rescate e debe planificar e crear un plan de voo e cumprila súa misión en simuladores avanzados; e a segunda é unha actividade complementaria de iniciación ao voo e construción de drones.

No primeiro trimestre de actividade da Aula Newton Galicia participaron nas sesións preto de 300 alumnos e alumnas de 9 centros de secundaria galegos. A satisfacción entre todos os participantes foi moi elevada e, de acordo á valoración realizada ao remate da formación, o 100% dos docentes e o 98,6% dos estudantes recomendarían visitar este espazo a un compañeiro ou compañeira.

Este grande espazo de aprendizaxe permanente en ciencias, tecnoloxía e matemáticas inaugúrase no Parque Tecnolóxico de Galicia en



Alumnos na inauguración da aula Newton o pasado mes de outubro na Tecnópole.

outubro de 2021, xusto dous anos despois de que unha aula móbil Newton se estrease na cidade de Lugo por primeira vez en España. O apoio do Goberno galego a esta iniciativa enmárcase no programa autonómico de fomento de vocacións científico-tecnolóxicas Voando alto, sumando vocacións, no que colabora Boeing, que á súa vez tamén é socio industrial tecnolóxico da Xunta no Polo Aeroespacial de Galicia con proxectos como o xestión e seguridade do tráfico

SON 21 EXPERIENCIAS FORMATIVAS QUE SE OFRECEN ATA XUÑO NA PRIMEIRA E ÚNICA AULA NEWTON PERMANENTE EN ESPAÑA

para espazos aéreos compartidos. O concepto Newton foi desenvolvido e está xestionado por First Scandinavia, unha entidade sen ánimo de lucro, coa colaboración

de profesores, institucións docentes e corporacións. A Aula Newton é un espazo ben equipado que se centra na educación en materias STEM de alta calidade co fin de inspirar ao alumnado.

O obxectivo final da actividade é que o maior número posible de nenos e nenas vivan unha experiencia agradable e gocen dunha sensación de dominio nas materias de ciencias. A formación é variada e céntrase en actividades prácticas. Creáronse máis de 40 Aulas New-

ESTÁ ABERTA OS VENRES DURANTE O CURSO ESCOLAR ENTRE AS 10,00 E AS 14,15 HORAS

ton en Noruega, Dinamarca e Escocia, e o concepto despregouse a escala internacional coa colaboración de Boeing, sendo Tecnópole a primeira en España.



Unha monitora instrúe a unha alumna na Aula Newton.

“Crece e evoluciona pasando necesariamente por innovación”

La Región/Atlántico Diario, 27 de febreiro de 2022

Tecnópole se consolida como “un motor eficaz, dinamizador del desarrollo tecnológico gallego e imán de proyectos”

JAVIER TAIBO

Director general del Parque Tecnolóxico de Galicia

“Crece e evoluciona pasando necesariamente por innovación”

S.N. OUPDICE
especial@la-región.net

El desarrollo tecnológico es un pilar básico en el progreso económico de una sociedad. Javier Taibo, director general del Parque Tecnolóxico de Galicia, reflexiona sobre el papel de la innovación y sobre la actividad desarrollada en la Tecnópole.

¿Cuál es el papel del Parque Tecnolóxico de Galicia en el desarrollo tecnológico de Ourense y del sur de Galicia?

Tecnópole debe ser un motor y un dinamizador del desarrollo tecnológico de Galicia, acercando las herramientas necesarias a las empresas tecnológicas tanto desde el punto de vista de servicios básicos como de servicios avanzados vinculados principalmente a la aceleración de sus proyectos. El Parque Tecnolóxico de Galicia tiene como objetivo ser un imán de proyectos innovadores, que permita atraer inversiones a Galicia, con una propuesta de valor diferenciada, ya sea por sus infraestructuras singulares o por su alineación con los objetivos de desarrollo sostenible.

¿Cuáles son los proyectos que viene desarrollando esta entidad? En los últimos meses hemos desarrollado un plan estratégico que nos permitirá ir agregando gradualmente

LAS FRASES

✓ En los últimos meses hemos desarrollado un plan estratégico que nos permitirá ir agregando gradualmente nuevos servicios a nuestras empresas residentes

✓ Nuestro objetivo es estar alertas a todas las oportunidades que se presenten en el mercado, para recordar a esos empresarios que el lugar ideal para su crecimiento es Tecnópole.

King con EOI e Igape que arranca en marzo con formación gratuita para emprendedores, así como mentorización específica a sus proyectos. La segunda es el lanzamiento del primer Polígono Virtual, en colaboración con Igape y AJE Ourense, que permitirá a los emprendedores contar con un soporte directo en áreas como son fiscalidad, jurídico e informática, acompañados de una plataforma que les permitirá contar con todas las herramientas de oficinas necesarias para gestionar sus clientes. Esperamos que esta plataforma esté disponible en la segunda mitad de este año. Vamos a ofrecer nuevos servicios profesionales a las empresas instaladas, pero además realizaremos acciones dirigidas a todas las empresas de Galicia, como la aceleradora de internacionalización para empresas que ponemos en marcha en colaboración con Igape y GAIN y que se aprobará en los próximos días. No nos olvidamos del relevante el papel que desempeñan los centros tecnológicos como tractores y por eso también estamos buscando su potenciación.

¿Cómo es la colaboración del parque con centros educativos, formativos, Universidad y por qué es tan importante?

La relación del Parque Tecnolóxico de Galicia con el ecosistema educativo tiene dos vertientes, la ya conocida por todos en cuanto a la divul-



Javier Taibo, director de la Tecnópole.

gación científico-tecnológica como es Galicia o el Aula Newton, y la segunda vertiente, muy importante desde la óptica empresarial, que es la transferencia tecnológica de las brillantes ideas que surgen en los entornos universitarios. Esta última es también indispensable como fuente del recurso humano cualificado, que hoy en día es una de las grandes carencias.

La llegada de los Fondos Next Generation, ¿puede ser un aliciente?

Seguro que lo será, estamos hablando de más de 60 mil millones de euros a fondo perdido en los próximos 5 años, más otros 80 mil millones en créditos reembolsables. El reto a día de hoy es que seamos capaces como país de generar proyectos relevantes que generen tejido empresarial. Nuestro trabajo como Tecnópole es estar atentos a los proyectos que se impulsen, con el objetivo de atraer empresas o apoyar la participación de nuestras empresas residentes en los mismos.

¿Las empresas ourensanas son conscientes del papel que la innovación tiene en su futuro?

En abstracto creo que todos tenemos asumido que la innovación es fundamental para el futuro, pero en

el aterrizaje a las realidades de cada empresa es donde está costando a los empresarios más trabajo. Innovar involucra riesgos (menores a los de la investigación pura o el desarrollo tecnológico) y debemos estar concienciados para afrontarlos, eliminando la mayoría de las incertidumbres. Lo que está claro es que pasará si no innovamos y es que la viabilidad de los negocios se irá estrechando con el paso de los años si no mutamos, evolucionamos, y el camino para hacerlo es la innovación.

¿El futuro económico de la provincia pasa también por la investigación e innovación?

La investigación es la madre del conocimiento y por ende fundamental para el crecimiento. Como decía anteriormente, la investigación implica mayores riesgos que los empresarios deben estar dispuestos a asumir. La Universidad y los centros tecnológicos son los sitios que naturalmente realizan la investigación, pero también hay empresas que la realizan. En el caso de las universidades y centros tecnológicos, nuestro papel debe ser el de facilitadores de la transferencia de esa investigación a las empresas y fomentar la colaboración entre todos ellos, aunando fuerzas el éxito es más accesible.

Smartgecko, proxecto incorporado no programa Conecta Hubs

Gafas virtuales para optimizar la logística e impulsar el comercio "online" de las pymes

Faro de Vigo, 4 de marzo de 2022

Gafas virtuales para optimizar la logística e impulsar el comercio 'online' de las pymes

La firma Amodo Soluciones, con base en la Tecnópole, participa en un proyecto colaborativo que prevé implantar el modelo de almacén 4.0 en Galicia a bajo coste

S. DE LA FUENTE
OURENSE

